

## CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE PORTAS PARA OBRAS DE MELLORA DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA.

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

#### **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Portas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

*Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Portas para obras mellora da escola municipal de música.*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

*De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. O Concello de Portas conta cunha edificación do ano 1947, situada no lugar de San Xoán, e que antigamente se trataba dunha escola pública e dende fai uns anos, reconverteuse a Escola de Música. Esta edificación acusa problemas de accesibilidade, confort térmico e unha distribución dos espazos pouco funcional na zona destinada a Escola de Música, que non se adapta ás necesidades da mesma. Por todo elo, é preciso a reorganización dos espazos da escola música, a mellora de accesibilidade ao edificio, a mellora da envoltemento térmica, a mellora das instalación e a construción dun anexo á edificación destinado a almacén e cuarto de instalacións.*

*Por todo o anterior, o concello de Portas é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

